

# Taller de Estimulación da Linguaxe

ANANAS NA  
BRANCA

CEIP Virxe da Barca



@pilimestraal



Imaxes sacadas de [www.freepik.es](http://www.freepik.es)

Bocas de [www.merakilogopedia.blogspot.com](http://www.merakilogopedia.blogspot.com)

Esta semana imos traballar a **pragmática**.

A **pragmática** determina que tipo de linguaxe debe usarse nun contexto determinado. Os/as peques, ademais de aprender os aspectos formais da linguaxe, aprenden a utilizalos nun contexto social. Este compoñente está moi ligado ao resto dos compoñentes da linguaxe. O uso da linguaxe implica algo máis que a forma ou o significado das palabras, xa que para lograr comunicarnos, temos que conseguir que os/as nosos/as interlocutores/as recoñezan a nosa intención por enriba do significado literal do que dicimos.

As actividades propostas, van explicadas co que hai que facer, pero se nalgún momento non se entende algo ou hai dúbidas, podedes enviarme un correo electrónico a [pilarrima@gmail.com](mailto:pilarrima@gmail.com)

Esta semana, as actividades poden facelas todos os cursos. Non as fagades todas do tirón senón distribuídeas pola semana. O ideal sería facer uns 30-35 minutos ao día, repasando as actividades das semanas anteriores.

Pragmática

4º, 5º e 6º Educación  
Infantil

## Semana 6. Pragmática.

Objetivo:

1. Fomentar o uso funcional da linguaxe na vida cotiá para:

- Transmitir necesidades.
- Comunicar experiencias e vivencias.
- Expresar sentimentos.

1. Diferenciar categorías semánticas e relacións de significado.

Contidos:

- Transmisión de necesidades.
- Comunicación de experiencias e vivencias.
- Expresión de sentimientos

Actividades →



# Actividade 1.

## Asemblea na granxa.

Cada mañá, antes de ir ao cole, o rato Pepe e os demais animais da granxa reúnense para contarse o que fixeron o día anterior pola tardiña.

Como non podemos celebrar a asemblea polas mañás coma se facía no cole, propoñovos que cada noite, antes de ir a durmir, contedes o que fixéstedes durante o día. Se podedes facer unha reunión todos os membros da familia que vivades xuntos, sería xenial!





## Actividade 2.

### As cariñas dos amigos do rato Pepe.

A continuación, imos ver as 3 cariñas dos amigos do rato Pepe. Unha expresa o sentimento da alegría, outra a tristeza e outra o enfado.

Debemos identificarnos con unha das caras e expresar como nos sentimos e o porque. Podemos debuxar o noso sentimento nun folio, se temos, durante varios días e comprobar a final de semana como estivemos.



### Actividade 3. Cóntame!

Cada día, animaremos a que os/as peques conten o que están a facer, como se senten e por que.

Podemos pintar nas mans ou en trociños de folios cariñas que representen os sentimentos, escribir/debuxar un libro contando o que nos sucedeu durante o día, etc.



## Actividade 4. As clases do rato Pepe

Pepe tamén vai ao colexio coma nós e o seu mestre preguntalle cada día o que fixo nas outras clases, como se sentiu e por que.

Por que non facemos o mesmo? Preguntémoslles aos/ás peques o que facían no cole, que clases eran as que máis lles gustaban e cales non, como se sentían e por que.





## Actividade 5.

Dime que

A continuación, hai unha serie de imaxes que representan diferentes situacións. Animáremos a que os/as peques expresen o que diríamos nesas situacións.



## Actividade 6. O diario do confinamento

Coa axuda de mamá, papá, avó, avoa, irmáns...podemos contar mediante fotos, debuxos, etc. acontecementos que ocorran durante este tempo que temos que quedar na casa, facendo unha especie de diario.



## Actividade 7. Recunchos da cidade

Cada día, as diferentes habitacións da casa converteranse en diferentes lugares dunha cidade (biblioteca, pescadería, panadería, museo, cine, etc.).

Os/as peques, coa vosa axuda, deberán expresar o necesario en cada situación.

Podedes realizar esta actividade, na vida cotiá, coas diferentes actividades que se levan a cabo no fogar día a día.

